



A detección precoz de pacientes con sepsis debe ser unha prioridade en calquera punto de contacto co sistema sanitario.

O obxectivo é reducir os tempos ata o diagnóstico, o inicio da reanimación e a antibioterapia para, desta forma, mellorar a supervivencia.

Ao non existir un síntoma ou signo definitivo, nin un biomarcador diagnóstico de sepsis, non é posible definir unha alerta que garanta a detección de todos os pacientes, así como tampouco evitar os falsos positivos. É, por tanto, responsabilidade de todo o persoal que atende a estes pacientes responder do xeito máis rápido posible á aparición de signos de alerta para confirmar ou descartar a sepsis.

A atención debe ser coordinada e continuada entre os distintos niveis asistenciais, polo que definiremos os criterios de activación de código sepsis en todos os niveis, tendo en conta a diferente capacidade diagnóstica de cada punto de contacto.

A creación de sistemas de alerta máis ou menos automatizados non exclúe a valoración subxectiva da gravidade por parte do facultativo e/ou enfermeiros expertos a cargo do paciente.

Débese prestar especial atención a pacientes de maior risco (idades extremas da vida, inmunodeprimidos, con múltiples comorbilidades).

Actuación a nivel extrahospitalario	>
---	---

Actuación a nivel hospitalario	>
--	---

ÍNDICE

Inicio

Introdución

Definicións

O código sepsis

Implantación e seguimento do código sepsis

Rexistro

Algoritmos

Anexos

Bibliografía